


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

13-14 de xullo do 2024

XV ORDINARIO B



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA,  
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19  
**E SEMPRE SEMENTANDO PAZ**



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº Unha xuntanza de amor*

#### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe. Facémolo no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

No evanxeo desta semana atopamos a Xesús enviando aos seus discípulos. Conta con eles para predicar a Boa Nova, pero déixalle claro que non o poden facer de calquera xeito, eles son enviados cunhas instrucións moi concretas:

- \* Terán que aliviar o sufrimento, dignificar a vida e facer medrar a paz e a fraternidade con todas as xentes sen facer diferenzas,
- \* Levarán soamente o imprescindible: caxato e sandalias para camiñar e acompañar a quen está canso,
- \* Sen pan nin alforxas con cartos, para compartir e non acaparar
- \* Sen túnica de reposto, para ser un máis no medio da xente.

Se nós queremos de verdade ser discípulos de Xesús o primeiro que temos que facer é por en práctica estas recomendacións na nosa vida.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante** *Xesús conta con nós para ser as súas testemuñas no mundo de hoxe, pero moitas veces a nosa vida non é conforme as súas exixencias. Non sempre o facemos tan ben como Xesús nos propón, por iso queremos pedir perdón **porque podemos e imos facelo mellor:***

**Monitor/a**

➤ **Porque andamos tan ás presas que non saboreamos todo o que de bo ten a vida. Non temos tempo máis que para nós mesmos. Señor, amósanos o teu camiño**

➤ **Porque entendemos que o poder e o diñeiro son os camiños do ben, e demasiadas veces o único que nos preocupa é ter e competir para ter máis. Cristo, amósanos o teu camiño**

➤ **Porque soñamos o prestixio e o quedar ben en vez de soñar xustiza, paz, ... Porque hoxe medran os camiños da violencia e perden os da tolerancia e o respecto. Señor, amósanos o teu camiño**

**Celebrante:** *Deus agarimoso ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, dos que esperan unha palabra de alento e unha man que lles axude nos camiños tortos da súa vida. A todos, o Señor nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Hoxe rezamos agradecendo todas e cada unha das mans que nos achegan a Boa Nova de Xesús.*  
(silenzio)

**Celebrante:**

Deus, Noso Pai, ti es a fonte de todo ben, Ti, en Xesús, ensínanos a pensar o que é axeitado e axúdasnos co teu alento a poñelo por obra con todas as persoas sen facer distincións.

Nós acollémolo e sentímolo á nosa beira, e da súa man queremos chegar o seu evanxeo a todas as xentes porque El vive e reina por sempre eternamente. Amén.

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:**

**Escoitaremos nas lecturas como temos a tarefa de ser enviados polo Señor a ser as súas testemuñas no medio do noso mundo.**

**Fomos elixidos na persoa de Cristo para ser a súa voz, as súas mans e o seu corazón. Isto exige de nós responsabilidade e esforzo diante de tantas dificultades e tristuras que se presentan na vida de cada día.**

## LECTURA DA CARTA DE SAN PAULO AOS EFESIOS

¡Bendito sexa o Deus e Pai do noso Señor Xesús Cristo, que por medio de Cristo nos bendiciu no ceo con toda clase de bendicións do Espírito! Porque nos escolleu antes da formación do mundo, para que fósemos santos e sen mancha perante El polo amor.

El decidiu xa daquela profillarnos por medio de Xesús Cristo, para El, conforme o designio da súa vontade, para louvanza da súa gloriosa benquerencia, coa que nos agraciou no Fillo amado, quen co seu sangue nos acadou a redención e o perdón dos pecados, en proba da xenerosidade da súa graza. E fíxoa rebordar sobre nós con toda sabedoría e intelixencia, ao nos descubrir o misterio da súa vontade, conforme o designio que El tiña para levar a historia á súa plenitude e, por medio de Cristo, levar a cabo a unidade do universo, do que hai no ceo e do que hai na terra.

### Palabra do Señor

🎵 43 *Quen nos vai separar de Ti* SALMO

(en pé) Leccionario II B páx 218 Mc 6, 7-13 EVANXEO

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela, chamou Xesús os Doce, e empezou a mandalos de dous en dous, dándolles poder sobre os espíritos malos. Recomendoulles que non levasen nada para o camiño, fóra dun caxato: nin pan, nin alforxas, nin cartos na faixa. Que calzasen sandalias, pero que non levasen máis ca unha túnica. E avisounos:

- Cando entredes nunha casa, permanecede nela ata que vos marchedes. Se nalgún lugar non vos acolleren nin vos escoitaren, ídevos, sacudindo o po dos vosos pés, para que lles sirva de aviso.

Marcharon, e predicaron a conversión. Botaban fóra moitos demos, e compartían cos enfermos, unxíndoos con aceite.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



## PARA REZAR A XEITO DE HOMILÍA

Xesús, as cousas que ti viviches e ensinaches atraénnos moito.

Nós queremos colaborar contigo, coma Pedro e Andrés, coma Santiago e Xoán, coma a Magdalena, Xoana e Susana.

Nós pouco sabemos, pouco valemos e pouco podemos; pero no que saibamos, valamos e poidamos, conta con nós.

Para andar as terras da nosa parroquia á túa sombra e no teu nome, conta con nós.

Para ser pequenas testemuñas túas e das túas cousas de alivio para a xente ferida pola vida, conta con nós.

Para ser unha persoa máis neste pequeno grupo de irmáns e irmás que queremos experimentar a felicidade da comunidade, conta con nós.

Para o que Ti queiras, conta con nós.

Grazas por te fixares en nós e por escollernos.

Agora e sempre, pase o que pase, conta con nós.



**Palabras de  
Manolo Regal  
no libro  
“Xesús,  
aquele home de aldea”**

## (en pé) PROFESIÓN DA FE

**Celebrante:** Neste encontro parroquial no que renovamos os nosos compromisos con Xesús, queremos coma EL, anunciar o Evanxeo sabendo estar á beira da xente. Por iso moi orgullosos proclamamos a fe:

♪ ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

**Monitor/a:**

**Credes en Deus Pai e Nai,**  
creador do ceo e máis da terra, que á súa imaxe e semellanza nos convida, non a impor as nosas razóns, senón a vivir na tolerancia, no diálogo e no respecto?

♪ ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

**Credes en Xesús, o seu Fillo benquerido,**  
que, coma aos discípulos, nos alenta a ofrecer aos demais a nosa solidariedade, o noso bo facer, dende a sinxeleza das nosas vidas e do noso xeito de vivir?

♪ ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

**Credes no Espírito Santo**  
que nos alenta e empuxa para sermos evanxeo á beira dos demais?

♪ ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

**Credes na igrexa, comunidade viva,**  
que estamos facendo crible o evanxeo nestas terras de Os Cotos cos nosos feitos?

♪ ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** Oremos a Xesús, e como parroquia poñemos nas súas mans os nosos mellores desexos para esta comunidade na que vivimos, agradecendo todo o que de bo hai entre nós. Oremos dicindo  
**SEÑOR, GUÍANOS NO TEU CAMIÑO**

### Monitor/a

- ✓ Para que aprendamos a andar polos camiños de Deus solidarizándonos sempre cos máis pobres de entre nós e do mundo. Rezamos
- ✓ Para que, coma Deus nos pide, participemos en todo aquilo que promova máis xustiza na nosa terra e no mundo enteiro. Rezamos
- ✓ Para non calar a traxedia dos refuxiados, para non deixarnos levar pola crítica fácil. Rezamos
- ✓ Polos veciños e veciñas que dan unha man para que en Os Cotos o evanxeo sexa crible. Rezamos
- ✓ Para que non caemos o escándalo do nada que vale a vida por culpa da violencia nas terras de Palestina e Israel nas que a paz é só un soño roto. Rezamos

**Celebrante:** Señor Xesús, ti, escoitas as nosas pregarías, e nós enchémonos do alento que te levaba a estar sempre á beira dos veciños facéndote crible. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** Sentímonos irmáns de todos, tamén dos que, coma Xesús, hoxe se atreven a ser testemuñas da Boa Nova. Nós agora acollendo o EVANXEO e facendo nosas as palabras de Cristo rezamos con El a Deus dicindo **NOSO PAI ...**



### SIGNO DA PAZ

**Celebrante** Xesús enviando aos discípulos transmitía paz e esperanza a todos. Coma eles sexamos tamén nós esperanza e paz nestes momentos de violencia e dificultade, sabendo que a paz faise dende a igualdade, faise con respecto, faise con tolerancia, faise con todas as mans atrevidas para dar exemplo. Fagámolo agora compartindo coma irmáns a PAZ.

🎵 n° 36 **Fagamos a paz irmáns**

## COMUÑÓN

**Celebrante:** Os discípulos foron pouco a pouco descubrindo que valía a pena compartir con Xesús a mesa, a conversa e a tenrura coa que facía ben. Tamén aprezoaron todo o que El lles propuña cando os enviaba a ser testemuñas da Boa Nova.

Nós compartimos aquí en comunidade sentíndonos orgullosos e ditosos por estar invitados neste banquete do Señor.

**Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar**

🎵 **nº 56** **Ide e pregoade**

## 4.- AVISOS E DESPEDIDA

### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:**

Señor, dámosche as grazas por todas as persoas que no camiño da nosa vida son capaces de comprometerse de verdade estando á beira dos que teñen problemas.

Agradecemos a vida dos veciños e veciñas de Os Cotos que dan exemplo aollendo e compartindo. E grazas polo exemplo que nos dás en Xesús, o teu fillo benquerido, que vive e reina con nós por sempre eternamente. Amén

*Avísase das misas (ver folla do mes)*

*Con Xesús cremos que vale a pena facer evanxeo na sinxeleza da vida compartida en Os Cotos.*

*Con Xesús queremos facernos cribles e sen medo a ser exemplo dun mundo de PAZ que respecta, na igualdade e nas diferenzas.*

*E con Xesús queremos dar grazas aos veciños e veciñas da parroquia que son para todos un bo exemplo na vida e na fe.*



**“Ide e pregoade o EVANXEO”**

*Palabras de Xesús na celebración de hoxe.*

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,  
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal  
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*

*Podémonos ir en paz.*